

Tribunal valorará esencialmente los conocimientos sobre el término municipal y Normas Subsidiarias de Planeamiento de Pontecesures. En este supuesto la puntuación final será la obtenida entre la fase de concurso y la entrevista.

Solicitudes: En el plazo de diez días naturales a partir del día siguiente al de la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la provincia hasta las trece horas del último día, en el Registro General del Ayuntamiento, junto con la documentación acreditativa de los méritos alegados.

Los sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria se harán en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento.

Pontecesures, a 1 de febrero de 1993.—El Alcalde, José Piñeiro Ares. 1482

* * *

GONDOMAR

Habendo quedado definitivamente aprobado o Regulamento Especial de Honores e distincións, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local procedese a súa publicación, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo sinalado no art. 65.2 da mesma Lei.

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIONES

CAPITULO I.—OBXECTO

Artículo 1.—O presente Regulamento ten por obxecto regular os honores e distincións a conceder polo Concello de Gondomar encamiñados a premiar excepcionais merecementos en tódolos ordes ou servicios destacados prestados en beneficio de Gondomar.

Artículo 2.—As distincións a que se refira este Regulamento son vitalicias e teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

Artículo 3.—Coa soia excepción do Xefe do Estado ningún distintivo honorífico nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e respecto dos cales se atope a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servicio, en tanto subsistan estos motivos.

CAPITULO II CLASE DE HONORES E DISTINCIONES

Artículo 4.—Os honores e distincións que poden ser concedidos polo Concello serán os seguintes:

- a) Nomeamento de Fillo Predilecto do Municipio.
- b) Nomeamento de Fillo Adoptivo do Municipio
- c) Medalla de Ouro do Municipio.
- d) Medalla de Prata do Municipio.

Artículo 5.—1º) A concesión do título de Fillo Predilecto do Municipio de Gondomar soio poderá recaer nas persoas naturais, que habendo nacido no mesmo, destaca de forma extraordinaria por calidades ou méritos persoais ou por servicios prestados en beneficio ou honor do Municipio e que alcanzara consideración indiscutible no concepto público.

2º) A concesión de título de Fillo Adoptivo do Municipio poderá outorgarse ás persoas que, sen nacer no mesmo, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

3º) Tanto o título de Fillo Predilecto como o de Fillo Adoptivo poderán ser concedidos a título póstumo sempre que no falecido haxan concorrido os merecimentos devanditos.

Artículo 6.—1º) O outorgamento das medallas de Ouro e Prata poderá facerse a persoas naturais, en vida ou a título póstumo, así como a persoas xurídicas.

2º) Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e categoría da medalla a outorgar deberá terse en conta a índole dos méritos e servicios, a transcendencia do labor feito en beneficio ou honor de Gondomar e a particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración, prevalecendo sempre a calidad dos merecimentos sobre o número dos mesmos.

Artículo 7.—O número máximo de distinción será o seguinte:

- * Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo: Cinco.
- * Medalla de Ouro: Cinco.
- * Medalla de Prata: Dez.

As distincións non poderán acordarse sen previa existencia de vacante.

Cando os titulares das mesmas sexan persoas xurídicas, as vacantes entenderanse que se producen a partires dos dez anos da data do acordo de concesión. As concedidas a título póstumo non se computarán a efectos do número máximo de distincións.

Nun rexistro Especial levarase relación circunstanciada de tódolos agraciados coas distincións contidas neste Regulamento.

Artículo 8.—1º) A Concesión dos títulos acreditarase mediante un diploma e o correspondente distintivo.

2º) O Diploma será estendido en pergamiño artístico e conterá de maneira moi sucinta os merecimentos que xustifican a concesión.

Os distintivos terán forma circular no anverso sobresalindo do círculo e ocupando na súa totalidade figurará o escudo municipal; no reverso figurará gravada a data de concesión, nome do condecorado e as lendas de "Fillo predilecto de Gondomar", "Fillo Adoptivo de Gondomar", "Medalla de Ouro de Gondomar" e "Medalla de Prata de Gondomar", según proceda.

CAPITULO III.

OUTRAS DISTINCIONES HONORIFICAS

Artículo 9.—O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó Concello, recoñecendo con elo especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

Artículo 10.—O Sr. Alcalde, por Decreto, do que dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, poderá determinar loito oficial no municipio cando sucedan feitos que aconsellen esta decisión. Nestos casos as bandeiras dos edificios públicos ondearán a media asta e levarán colgadas un crespón de cor negra.

CAPITULO IV.—PROCEDIMENTO

Artículo 11.—Para a concesión dos honores e distincións previstas neste Regulamento será preciso a instrucción do oportuno expediente, no que se acreditaren os méritos e circunstancias da persoa ou entidade á que se pretenda distinguir.

A iniciativa do expediente poderá partir da Presidencia ou por unha entidade, institución ou corporación da provincia, de recoñecido prestixio.

En tódolos casos a Presidencia será o órgano competente para ordenar a instrucción do expediente, así como para o nomeamento do Instructor que deberá recaer nun Concellal.

Artículo 12.—O Instructor do expediente ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos da persoa ou entidade proposta, concluindo aquél na correspondente proposta de resolución.

O expediente será dictaminado pola Comisión Informativa competente e elevaráse para a súa resolución ó Pleno da Corporación.

Artículo 13.—O acordo do Pleno da Corporación concedendo os honores e distincións adoptarase en sesión extraordinaria convocada ó efecto para este solo asunto, requeríndose o voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para o nomeamento de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo; e o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membrós da Corporación, para a concesión das Medallas de Ouro e Prata.

Artículo 14.—A entrega das distincións e nomeamentos efectuarase polo Sr. Alcalde na Casa Consistorial, con asistencia do Pleno da Corporación e aquellas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artículo 15.—Previo expediente que se instruirá coas mesmas características e garantías que para o outorgamento do honor ou distinción, a Corporación poderá revoca-lo acto de concesión á per-

soa galardonada, si ésta modifica tan profundamente a súa anterior conducta que seus actos posteriores fano indigno de figurar entre os galardonados.

Artículo 16.—A persoas físicas as que se lles outorgaren calquera das distincións do presente Regulamento, ou aquela a quen corresponda súa representación, no caso das Entidades, terán dereito a ser invitados ós actos oficiais de maior solemnidade que organice o Concello.

Artículo 17.—A fin de deixar constancia das visitas que fagan a Gondomar persoas ilustres levarase un libro de Ouro do Concello no que se recollerán as sinaturas dos visitantes e, no seu caso, a dedicatoria que terán a ben escribir.

Artículo 18.—En tódolo non previsto no presente Regulamento estarase o que disponha a lexislación sobre Réxime Local.

O presente Regulamento que consta de dezaoito artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Gondomar, a 26 de xaneiro de 1993.—O Alcalde, ilexible. 1387

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

Doña María del Rosario Barros Estévez, como Secretaria del Juzgado de Primera Instancia número seis de los de Pontevedra.

Doy fe: Que en este Juzgado y bajo el número 305/92, se siguen autos de ejecutivo a instancia de Caja de Ahorros de Galicia, contra Dolores Lagos Mallo, en los que se ha dictado sentencia cuyo encabezamiento y parte dispositiva dicen:

El Ilmo. señor don Indalecio Conde González, Magistrado Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número seis de Pontevedra, ha dictado la siguiente:

Sentencia.—En Pontevedra, a siete de enero de mil novecientos noventa y tres.—Vistos los presentes autos de juicio ejecutivo número 305/92, seguidos a instancia de Caja de Ahorros de Galicia, representada por el procurador señor Devesa, asistido de letrado, contra doña Dolores Lagos Mallo, sobre reclamación de cantidad.

Fallo: Que debo mandar y mando seguir adelante la ejecución despachada contra los bienes de Dolores Lagos Mallo, hasta hacer trámite y remate de los mismos y con su producto íntegro pago a la parte actora de la cantidad reclamada de principal por importe de